Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a setembro de 2026

Data de publicación: 29/10/2026

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia unha diminución interanual do 0,8% no mes de setembro de 2026.
- O índice xeral sen estacións de servizo a prezos constantes incrementouse un 0,1% en taxa interanual.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 7% en setembro de 2026 con respecto ao mesmo mes de 2025.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 1%.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

En setembro de 2026, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,8% en Galicia e un 1,6% en España en taxa interanual.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 0,1% tanto en Galicia coma en España respecto a setembro de 2025. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 2,3% en Galicia e diminúe un 0,3% no conxunto de España.
- "Resto de produtos" diminúe un 1,9% en Galicia e increméntase un 0,4% no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Setembro de 2026

Galicia

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	104,3	-0,8	2,0
Xeral sen estacións de servizo	103,3	0,1	2,7
Alimentación	97,9	2,3	2,6
Resto	111,5	-1,9	3,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice deflactado	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	109,2	-1,6	1,0
Xeral sen estacións de servizo	110,1	0,1	2,0
Alimentación	106,3	-0,3	1,0
Resto	118,6	0,4	3,2

Fonte: INE.

No que levamos de ano, as vendas minoristas aumentan un 2% en Galicia e un 1% en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,6% en Galicia e do 1% en España. No "Resto de produtos", as vendas increméntanse un 3,1% en Galicia e un 3,2% en España.


2 Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas diminúen en taxa interanual en 12 comunidades e cidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illas Baleares (-5,3%), Comunidade Valenciana (-3,3%) e Canarias (-2,9%).

No que vai de ano, o índice increméntase en 16 comunidades e cidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Aragón (4,3%), Estremadura (3,1%) e País Vasco (3,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

3 Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

No mes de setembro, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 7% en Galicia en taxa interanual, 2,4 puntos máis que en España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 3,8% en Galicia e do 3,1% en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 5,2% en "Alimentación" e un 2,8% en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 2,4% nas vendas en "Alimentación" e do 3,8% en "Resto de produtos".

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Setembro de 2026

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	134,1	7,0	6,9
Xeral sen estacións de servizo	129,1	3,8	5,6
Alimentación	131,0	5,2	5,8
Resto	127,7	2,8	5,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	139,6	5,4	5,4
Xeral sen estacións de servizo	136,9	3,1	4,3
Alimentación	142,7	2,4	3,7
Resto	132,6	3,8	4,9

Fonte: INE.

No que vai de ano, o índice medra un 6,9% en Galicia e un 5,4% en España. En Galicia, as vendas increméntanse un 5,8% en "Alimentación" e un 5,4% en "Resto de produtos". Por outra banda, en España, as vendas varían un 3,7% en "Alimentación" e un 4,9% en "Resto de produtos".

4 Índice de ocupación

No mes de setembro, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1% en Galicia, superior á taxa do 0,8% rexistrada no conxunto de España. No que vai de ano, a ocupación medra un 1,3% en Galicia e un 0,5% en España.

Índices de ocupación. Setembro de 2026

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	106,0	1,0	1,3
Xeral sen estacións de servizo	105,7	1,1	1,3

Fonte: INE.

España


	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	108,9	0,8	0,5
Xeral sen estacións de servizo	108,9	0,9	0,5

Fonte: INE.

Todas as comunidades e cidades autónomas, agás Cataluña e A Rioxa, rexistran incrementos na ocupación no comercio minorista no mes de setembro. Os maiores incrementos rexístranse en Illas Baleares (2,8%) e Asturias (2%).

Índice xeral de ocupación. Setembro de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en 15 comunidades e cidades autónomas. Ceuta (3,2%) e Asturias (3%) rexistran os maiores incrementos mentres que as comunidades onde diminúe o persoal ocupado son Cataluña (-1%) e A Rioxa (-0,2%).

5 Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.